

**Evidencia de:**  
Grado en Traducción e Interpretación

# SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIALES

## AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

**Denominación del Título**  
Grao en Tradución e Interpretación

**Centro**  
Facultade de Filoloxía e Tradución

**Tipo de centro**

- Propio
- Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

- Propio
- Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

- Propio
- Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

- Propio
- Adscrito

**Autoinforme provisional. Órgano de aprobación**  
Comisión de Calidade

**Fecha**  
10 / 31 / 2013

**Autoinforme definitivo. Órgano de aprobación**

**Fecha**

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Descripción del título

**ID del título**

1007/2009 Grao en Tradución e Interpretación

**Rama de conocimiento**

Artes e humanidades

**Universidad solicitante**

Universidade de Vigo

**Centro responsable de las enseñanzas conducentes al título o, de ser el caso, departamento o instituto**

Facultade de Filoloxía e Tradución

**Centro/s donde se imparte el título**

Facultade de Filoloxía e Tradución

**En caso de títulos interuniversitarios, universidad coordinadora y universidades participantes. UNIVERSIDAD COORDINADORA:**

**UNIVERSIDADES PARTICIPANTES:**

**Tipo de educación**

Grao

**Régimen de estudos**

Presencial e semipresencial

**Periodicidad de la oferta**

Anual

**Número de plazas de nuevo ingreso ofertadas**

120

**Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante y período lectivo**

Plano de estudos seguido en cursos consecutivos de 1º a 4º. Número máximo de créditos por matrícula será de 30 ao semestre e 60 por curso. Non se establece un número mínimo de créditos por curso no réxime a tempo completo.

**Normas de permanencia**

Pódese consultar no seguinte enlace:

[http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Uvigo/norm\\_perm\\_grao\\_master.pdf](http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Uvigo/norm_perm_grao_master.pdf)

**Información sobre la expedición de suplemento al título**

Pódense consultar os seguintes enlaces:

[http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral\\_es/\\_galeria\\_descargas/normativa\\_reguladora\\_de\\_tramitacion\\_do\\_suplemento\\_europeo\\_ao\\_titulo.pdf](http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral_es/_galeria_descargas/normativa_reguladora_de_tramitacion_do_suplemento_europeo_ao_titulo.pdf)

[http://secxeral.uvigo.es/secxeral\\_gl/normativa/xeral/ensinanzas/index.html](http://secxeral.uvigo.es/secxeral_gl/normativa/xeral/ensinanzas/index.html), e máis directamente:

[http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Xeral/real\\_dec\\_exp\\_titulos.pdf](http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Xeral/real_dec_exp_titulos.pdf)

**Responsable del título**

María Rosa Pérez Rodríguez

**Coordinador/a del título**

Lourdes Lorenzo García / Ana María Pereira Rodríguez

**Correo electrónico del/de la responsable del título**

rosa@uvigo.es

**Fecha de verificación del título**

24 / 06 / 2009

**Fecha de aprobación por el Consejo de Ministros**

30 / 10 / 2009

**Fecha de autorización de la implantación por la Xunta de Galicia**

27 / 08 / 2009

**Fecha de inscripción en el RUCT**

05 / 01 / 2010

**Fecha de publicación en el BOE**

05 / 01 / 2010

**Curso de Implantación**

2009-2010

**Modificaciones autorizadas****Fecha de la última acreditación**

01 / 06 / 2009

**Órgano responsable del Sistema de Garantía de Calidad del título**

Equipo Directivo do Centro, Coordinador do SGIC e Comisión de Garantía interna de Calidade do Centro.

**Memoria vigente del título**

memoria. Grado\_en\_Traduccion\_e\_interpretacion.pdf

## Descripción del título. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencia documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A páxina web do centro recolle información completa sobre todos os aspectos do título. Nela aparecen claramente os responsables do título.

Non houbo cambios no tipo de ensino, segue a ser presencial e semipresencial.

A normativa de permanencia está accesible na páxina web da facultade, no apartado "Información académica". Foi aprobada en marzo de 2013.

Neste grao houbo que atender un alumno que padece a síndrome de Asperger e outro con problemas de mobilidade. Para o primeiro, creouse unha comisión de expertos presidida por un catedrático de psicoloxía que fai un seguimento puntual dos progresos do devandito alumno.

A información sobre o suplemento europeo ó título está accesible no apartado de Descrición correspondente á información sobre calidade.

Non houbo cambios no equipo decanal.

O equipo decanal pretende mellorar de forma continuada a información fornecida pola páxina web do centro. Antes de febreiro de 2014 haberá un cambio salientable no deseño da páxina web.

### **Buenas prácticas**

Mellora continua da información da páxina web.

### **Propuestas de mejora**

### **Breve descripción de las modificaciones**

### **Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Justificación" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y objetivos de calidad de la formación" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

## Justificación. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

No curso 2012/2013 rematouse a implantación da titulación. O Departamento de Tradución e Lingüística, a Comisión de Calidade do Centro e o Decanato da Facultade de Filoloxía e Tradución entenden que a xustificación do título é satisfactoria e non precisa de modificación.

**REFERENTES EXTERNOS:**

Seguen sendo actuais as recomendacións do Libro branco da tradución. As enquisas de satisfacción do alumnado, debido a un problema específico este ano, non dan datos sobre o posible cuestionamento da continuidade do título. Con todo, as taxas e outros indicadores que aparecen no apartado 8 demostran o éxito da proposta. As titorías do PAT recollen queixas sobre materias ou profesorado que se tentan solucionar o máis axiña posible pero, en ningún momento, cuestionan a validez do título.

**CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE CALIDADE DO CENTRO:**

\* Nota: Debido a que as enquisas de satisfacción referidas ó alumnado non acadaron un índice de participación significativo (5,99%) este ano non se poden avaliar, como se fixo nos anteriores, os obxectivos de calidade asociados a aquelas.

1. Mellorar a difusión dos obxectivos do plano de estudos.  
A información sobre os obxectivos do plano de estudos está na páxina web da Facultade no apartado de información pública.
2. Mellorar os procedementos de captación e admisión de estudantes.  
A Comisión de Calidade aprobou un plano de captación de alumnado, para graos e posgraos.
3. Mellorar o sistema de avaliación e os procedementos xerais de calidade do ensino.  
Fíxose un informe sobre a avaliación dos catro cursos implantados. Véxase apartado 5 (Planificación das ensinanzas). Os coordinadores revisan o sistema de avaliación de cada materia e axéitano, cando for preciso, ás recomendacións aprobadas pola Facultade en 2010.
4. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas de estudantes onde se trate o tema da planificación.  
Non se pode avaliar, debido á baixa participación nas enquisas. Véxase, con todo, o apartado 5. "Planificación".
5. Mellorar os procedementos para a recollida de queixas e suxestións.  
Á parte do protocolo tradicional, que consiste no rexistro dunha queixa ou suxestión no decanato, habilitouse unha aplicación informática na páxina web da Facultade que permite, despois dunha identificación, rexistrar queixas e suxestións.
6. Número de queixas inferior o 5% do alumnado de novo ingreso.  
Non hai queixas do alumnado de novo ingreso.
7. Índice de satisfacción igual ou superior o 4,2/7 puntos no programa de acollida realizado.  
Non se pode avaliar por falta de datos das enquisas. Véxase, con todo, o apartado de "Acceso e admisión".
8. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas ó alumnado sobre o PAS da Facultade.  
Non se pode avaliar por falta de datos das enquisas.
9. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas ó alumnado sobre recursos para a aprendizaxe.  
Non se pode avaliar por falta de datos nas enquisas. Véxase o apartado "Recursos materiais e servizos".
10. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de alumnado que valora positivamente o grao de competencia que acadou.  
Non se pode avaliar por falta de datos nas enquisas docentes. Véxase, con todo, o apartado "Competencias e obxectivos".
11. Igualar ou superar a media da Universidade nas enquisas de avaliación docente (sobre 5).  
En outubro de 2013 (data da introdución desta información) aínda non hai datos sobre este punto.

Despois de varios anos de estaren vixentes os anteriores obxectivos de calidade, a Comisión de Calidade entende que é necesario revisalos para ver se se adecúan á situación actual da Facultade. Fíxose unha convocatoria aberta a tódolos membros do centro para que contribuísen coas súas suxestións á posible reforma. A primeira reunión da Comisión de Calidade que tratou este tema foi a do 31 de outubro de 2013.

#### CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2011-12

Non se puido avaliar por falta de datos das enquisas.

#### Buenas prácticas

#### Propostas de mejora

Aumentar a participación do alumnado nas enquisas que nos permitan avaliar os obxectivos de calidade.

Revisar os obxectivos de calidade.



**Breve descripción de las modificaciones**

**Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

**Justificación. Plan de mejora****Denominación de la propuesta**

Aumentar a participación do alumnado nas enquisas. / Revisar os obxectivos de calidade do centro.

**Punto débil detectado**

O alumnado non participa nas enquisas. / Cómpre iniciar a revisión dos obxectivos de calidade para axustalos á realidade da Facultade.

**Ámbito de aplicación**

FFT

**Responsable de su aplicación**

Decanato / Comisión de Calidade

**Objetivos específicos**

Conseguir que o alumnado se implique directamente nas enquisas.

Os actuais obxectivos de calidade do centro avalían moitos aspectos ligados a enquisas do alumnado. É necesario revisalos e engadir posiblemente outros que reflectan de mellor maneira os procesos de calidade implantados no centro.

**Actuaciones a desarrollar**

Reunión co alumnado sobre as enquisas.

Discusión na Comisión de Calidade das suxestións enviadas polos membros da facultade sobre os obxectivos de calidade.

**Periodo de ejecución**

Curso 2013-14

**Recursos / financiamiento**

Sen custo

**Indicadores de ejecución****Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Competencias" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Objetivos del plan de estudios" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

## Competencias / objetivos. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

Finalizada a implantación do título no curso 2012/13, a Comisión de Calidade do Centro non considerou necesaria a modificación dos obxectivos nin as competencias do mesmo, que seguen sendo axeitados para o plano formativo e satisfactorios.

Consideramos que tanto os 11 obxectivos específicos como os oito transversais están sendo adquiridos polo alumnado e que as competencias (xerais e específicas) cumpren o establecido no RD 1393/2007 e atopan correspondencia coas incluídas no Libro Blanco de Traducción e Interpretación (ANECA, 2004) e con aquelas outras recollidas nas asociacións profesionais e centros de ensino de prestixio. As guías docentes recollen as devanditas competencias, incluíndo xa as que faltaban o ano pasado (porque non se implantara o cuarto curso): traballo en contexto internacional; deseño e xestións de proxectos. Estas dúas competencias trabállanse nas materias de cuarto curso "Prácticas de tradución" (programas Erasmus prácticas, por exemplo) e "Traballo fin de grao".

Continuouse coa aplicación do protocolo de Calidade para a revisión das guías docentes: (a) revisión e validación por parte das coordinadoras do grao dos obxectivos e competencias establecidas na memoria de verificación do título (con particular atención durante este curso ao apartado de avaliación); (b) visto e prace dos departamentos que teñen asignadas as materias; (c) aprobación final en Xunta de Facultade.

**COORDINACIÓN:**

A coordinación horizontal (entre profesorado dunha mesma materia) e vertical (entre o profesorado e as coordinadoras do grao) para garantir o cumprimento de obxectivos e competencias continúa realizándose. A figura de "coordinador de materia" implantada no curso 2010/11 mellorou tamén a coordinación.

**RESULTADOS ACADÉMICOS:**

Entendemos que toda persona que non se presente a unha materia ou suspenda non acadou ou adquiriu as competencias e os obxectivos propostos para superar dita materia. En paralelo, entendemos que se adquiren as competencias cando os resultados académicos son satisfactorios. Neste sentido, temos que indicar que a titulación conta con 75 materias cun 100% de aprobados e 24 cun 90% ou máis, isto é, 99 das 253 materias presentan resultados excelentes. Só cabería apoñer o problema detectado cun fato de materias, das que a coordinación fixo un seguimento continuado e favoreceu a comunicación entre o profesorado e o alumnado para tentar solucionar os problemas (consúltese os documentos "RESULTADOS ACADÉMICOS 2012-13" e "Informe materias cun índice menor a 3,5").

**ENQUISAS DE SATISFACCIÓN:**

Malia que cun 5,99% de participación non se poden considerar significativas as enquisas, desexamos amosar dous datos rechamantes:

- No ítem "Coñezo e estou satisfeito cos obxectivos xerais do plan de estudos" hai un lixeiro incremento do indicador (2011/12: 3,44; 2012/13: 3,85).
- No ítem "As guías docentes das materias son accesibles e coherentes cos obxectivos do plan de estudos" prodúcese unha subida notable do indicador (2011/12: 2,96; 2012/13: 4,07).

**MOBILIDADE:**

Hai no título varias competencias que esixen a mobilidade dos estudantes (ex: recoñecemento da diversidade e da multiculturalidade ou comprensión doutras culturas e costumes). A taxa de mobilidade do alumnado de tradución continúa a ser a máis elevada da Universidade de Vigo). A resposta do centro semella adecuada pois a nosa facultade mantén convenios de intercambio e estudantes con numerosas universidades nacionais e estranxeiras. No curso 2011-2012 houbo 56 alumnos Erasmus propios da Universidade de Vigo implicados en programas de mobilidade (52 Erasmus, 3 Sicúe e 1 de convenio específico); no curso 2012/13 (obxecto da presente reflexión) case se duplicou o número de estudantes propios en programas de mobilidade (106 en total: 82 Erasmus, 21 Isep e 3 Sicúe). O descenso (lixeiro) da porcentaxe, que parece contradictorio, atopa explicación no aumento do número total de alumnado.

**PLANO DE ACCIÓN TITORIAL:**

Durante o curso 2012/13 seguiu desenvolvéndose o plano de acción tutorial (PAT) na Facultade de Filoloxía e Tradución. Participou todo o alumnado matriculado en primeiro e comezouse a implantación do programa por primeira vez en cuarto (por ser estes dous cursos -de entrada e saída- os máis oportunos para este tipo de titorización). Séguese observando unha diminución da asistencia ás reunións de PAT segundo avanza o curso, probablemente por tres razóns: (a) é difícil atopar ocos nos que o grupo de alumnado PAT de cada titor coincida cunha hora libre; (b) pode existir a crenza entre parte dos que perden o interese de que o sistema PAT non servirá para solucionar os seus problemas académicos; (c) algúns alumnos consideran que as súas queixas serán mellor atendidas se se depositan directamente no decanato do centro. Co novo protocolo levado a cabo no curso 2012/13 (deseñado no curso anterior) logrouse un control máis efectivo das titorías PAT: fixéronse prazos de resposta tanto para titores como titorandos e procedeuse a habilitar tódolos mecanismos posibles para corrixir axiña as deficiencias detectadas.

A valoración xeral sobre o sistema PAT, no que no curso 2012/13 participaron 11 profesores, non obstante, segue a ser moi positiva por parte do alumnado, tal como se recolle nos informes de seguimento que envían aos titores correspondentes. Neles valoran especialmente a accesibilidade destes e o empeño posto en solventar dúbidas e poñer os medios para eliminar tensións co profesorado dalgunhas materias.

Foron moi poucas as materias sobre as que se recibiron queixas e en todas elas se tentou tender pontes comunicativas entre os alumnos e o profesorado.

Véxase o documento "Accións de coordinación" no apartado de Planificación.

**CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2011/12**

Cumpríronse as seguintes recomendacións:

1. Revisión, con departamento encargado da docencia de Idioma I (Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá), das catro materias do módulo con vistas a que adquisición de competencias sexa gradual e non se concentre en Idioma I, 4 (véxase o documento "Accións de coordinación T&I 12-13", puntos 3 e 9).
2. Máis publicidade entre o alumnado das guías docentes, para que mellore a percepción das mesmas, se acceda a elas e se lles dea o valor requirido como "contrato" de obrigado cumprimento por parte de docente e alumno (véxase o documento

"Accións de coordinación T&I 12-13", punto 8).

3. Redacción de cuestionarios para obxectivizar as titorías PAT. Revisouse o protocolo do PAT para facelo máis completo e axeitado ás necesidades do alumnado. Véxase Plan de Acción Titorial 2013.

4. Redacción dun protocolo para fixar prazos de resposta ás queixas, con especial atención ás referidas ao incumprimento de guías docentes. Véxase Plan de Acción Titorial 2013.

Non se cumpriu:

1. O ano pasado non se cumpriu a intención de nomear coordinadores de curso. Isto vén motivado pola dificultade á hora de atopar profesores voluntarios para calquera actividade académica máis alá das derivadas da docencia, que ten a súa explicación polo escaso (ou nulo para algunhas tarefas) recoñecemento que a vicerreitoría de Profesorado contempla, con descontos moi reducidos.

#### **Buenas prácticas**

- Aplicación do protocolo de Calidade para a revisión de guías docentes, que pasan por tres filtros (coordinación, consellos de departamento e xunta de facultade) antes da súa aprobación final.

- Avances na coordinación entre materias (véxase o documento "Accións de coordinación T&I 12-13", puntos 3 e 9).

- Reunións periódicas cos estudantes e contacto continuado con eles a través de correo electrónico e, dende o presente mes de outubro de 2013, tamén mediante o novo espazo na plataforma de teledocencia FAITIC da coordinación do grao (véxase o documento "Accións de coordinación T&I 12-13", punto 4).

- Elaboración dos calendarios de exames das convocatorias de decembro (2012) e das dúas correspondentes ao curso 2013/14 (véxanse anexos).

- Aplicación do novo protocolo PAT co gallo de garantir un seguimento máis efectivo e animar á participación do alumnado.

#### **Propostas de mejora**

- Nomear coordinadores/as de curso.

- Conseguir un maior recoñecemento das actividades académicas non docentes.

O decanato, a área de Calidade e a coordinación de grao pedirán unha entrevista coa vicerreitoría de Profesorado para transmitirle a preocupación polo escaso recoñecemento de actividades académicas non docentes (colaboración no PAT, coordinadores de curso, titores de prácticas, etc.), que trae como resultado a escasa participación de profesorado nas mesmas e conleva unha merma na calidade do grao.

#### **Breve descripción de las modificaciones**

#### **Justificación de las modificaciones**

CALENDAR\_EXAM\_DECEMB2012.doc

Calendario\_exams\_1º\_2º\_3º\_13\_14.zip

RESULTADOS ACADÉMICOS E SATISFACCIÓN POR MATERIAS - TI.rtf

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

## Competencias / objetivos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Nomear coordinación de curso. / Conseguir un maior recoñecemento das actividades académicas non docentes.

**Punto débil detectado**

Non se cumpriu a intención de nomear coordinadores de curso (véxase abaixo: Actuacións a desenvolver)

**Ámbito de aplicación**

TODOS OS CURSOS DO GRAO

**Responsable de su aplicación**

Decanato e Vicerreitoría

**Objetivos específicos**

Conseguir un maior recoñecemento das actividades académicas non docentes da forma en que se considere máis axeitada (descontos docentes, recoñecemento en POD, etc.)

**Actuaciones a desenvolver**

- Non se cumpriu a intención de nomear coordinadores de curso. Isto vén motivado pola dificultade á hora de atopar profesores voluntarios para calquera actividade académica máis alá das derivadas da docencia, que ten a súa explicación polo escaso (ou nulo para algunhas tarefas) recoñecemento que a vicerreitoría de Profesorado contempla, con descontos moi reducidos.
- O decanato, a área de Calidade e a coordinación de grao pedirán unha entrevista coa vicerreitoría de Profesorado para transmitirle a preocupación polo escaso recoñecemento de actividades académicas non docentes (colaboración no PAT, coordinadores de curso, títos de prácticas, etc.), que trae como resultado a escasa participación de profesorado nas mesmas e conleva unha merma na calidade do grao.

**Periodo de ejecución**

2013/14

**Recursos / financiamento**

Petición á vicerreitoría de profesorado de medidas conducentes a motivar a participación do profesorado na coordinación por curso.

**Indicadores de ejecución****Observaciones**

Comunicaráselle estas propostas á Vicerreitoría de Profesorado.

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**



**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Acceso y admisión de estudiantes" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y procedimientos de admisión" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

## Acceso y admisión de estudiantes. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

As vías e requisitos de acceso ao título e tamén o perfil de ingreso recomendado atópanse de xeito público e de fácil consulta na memoria do título e na páxina web da Facultade.

Existen tamén mecanismos axeitados e accesibles de información previa a matriculación e procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso e tamén para os estudantes unha vez matriculados.

As condicións de matriculación e programa formativo do título está accesible na páxina web da universidade ([www.uvigo.es/uvigo\\_gl/estudos/](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/estudos/)) e na páxina web da Facultade.

O título axéitase, no que atinxe a requisitos de acceso e admisión, ó establecido no RD 861/2010.

O sistema de transferencia e recoñecemento de créditos está accesible na memoria ([www.uvigo.es/uvigo\\_gl/estudos/](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/estudos/)).

O recoñecemento de créditos por estudos previos está publico na memoria ([www.uvigo.es/uvigo\\_gl/estudos/](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/estudos/)).

A admisión de estudantes da Universidade de Vigo réxese por normativa propia aprobada en Consello de Goberno dispoñible na páxina web da Secretaría Xeral. Esta normativa é satisfactoria. Tamén resulta satisfactorio o feito de cubrir anualmente todas as prazas de novo ingreso (120) e aínda admitir algúns alumnos/as a máis empatados na nota de corte. A procedencia do alumnado é principalmente galega, sendo a FFT o centro de referencia no SUG para esta titulación, aínda que tamén se rexistra alumnado doutras CC.AA.

Durante o curso 2010-11 fíxose un "Plano de promoción e captación de estudantes da Facultade de Filoloxía e Tradución

da Universidade de Vigo". Este plano foi aprobado pola Comisión de Calidade do centro e implantado durante o curso académico 2011-12. O plano está dirixido ao alumnado de novo ingreso tanto de graos como tamén de mestrados (ver documento anexo).

Os obxectivos principais do plano de promoción e captación da FFT para os graos son os seguintes:

1. Proporcionarlle información e orientación ó alumnado de novo ingreso sobre as titulacións que se imparten no centro. Para este e outros fins a facultade publicou información na páxina web do centro e tamén distribuíu folletos informativos.
2. Mostrarlles ós futuros estudantes as actividades e instalacións do centro e presentarlles os contidos das titulacións que se imparten. Propuxéronse visitas guiadas para os estudantes de secundaria ó centro no mes de marzo. Esta medida non tivo éxito xa que non asistiu ningún centro educativo por mor das datas elixidas, segundo refiriron. Os centros propuxeron adiantar estas visitas co fin de non coincidir coa época de exames.
3. Proporcionarlles información actualizada, fiable e de primeira man ós orientadores de secundaria sobre as titulacións que se imparten no centro, de forma que coñezan os perfís que mellor se axeitan a elas. As accións propostas para o anterior obxectivo son a organización de charlas informativas para orientadores de secundaria e o envío de información escrita ós orientadores de secundaria e ciclos formativos.
4. Espertar o interese desde idades temperás cara ós estudos lingüísticos, literarios e sobre a tradución. Consideramos que fomentar o hábito de lectura e creatividade dos alumnos de secundaria e bacharelato é imprescindible para o seu futuro, polo que o centro está interesado en organizar un concurso de redacción e un concurso de tradución de manga para o vindeiro curso.
5. Dar a coñecer as titulacións que se imparten no centro, tanto de grao coma de posgrao en Universidades estranxeiras, mediante a participación en Feiras de estudantes con proxección internacional.

Ademais de todas estas medidas de promoción e captación o centro realiza unhas xornadas de benvida de libre acceso ó inicio de curso para os diferentes títulos de grao e posgrao. No curso 2012-13 estas xornadas foron os días 3 e 4 de setembro.

No primeiro día das xornadas de benvida a decana inaugurou o curso e presentou o equipo decanal. Seguidamente os coordinadores dos graos presentaron cadanseu título. Tras esta presentación o servizo de biblioteca fixo unha visita guía polas instalacións da facultade e da biblioteca e presentou o acceso web á biblioteca (catálogo, empréstimo, consulta online...). Por último, nesta primeira xornada de benvida do curso 2012-13 tivo lugar a presentación do Servizo de deportes da Universidade, da man do director de área do Servizo de Deportes e concluíu cunha visita ás instalacións do Servizo de deportes do campus de Vigo.

No segundo día de actos de benvida presentouse a páxina web da facultade, o programa de actividades culturais da Universidade e o Plano de Acción Titorial e asignación de titores aos diferentes grupos. Finalmente, estas xornadas concluíron cunha serie de reunións dos alumnos cos respectivos titores do PAT nos lugares indicados.

O outro factor para avaliar este apartado está relacionado cos resultados da enquisa de satisfacción do alumnado que, lamentablemente, deita datos pouco relevantes por escasos (5,99% de participación).

#### CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2011-12

Continuar coa mellora das accións de orientación. Houbo unha reforma do PAT no sentido de facelo máis axeitado para o alumnado. Convidouse á Área de Igualdade á xornada de benvida.

#### Buenas prácticas

- Organización de charlas informativas para orientadores de secundaria
- Envío de información escrita ós orientadores de secundaria e ciclos formativos.
- Organización de visitas guiadas á facultade para os alumnos de secundaria.

#### Propostas de mejora

Mellorar as accións de orientación.

#### Breve descripción de las modificaciones

**Justificación de las modificaciones**

IT03-PC03-Plan de Captación (1).docx

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

Acceso y admisión de estudiantes. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Mellorar as accións de orientación.

**Punto débil detectado**

Baixa satisfacción do alumnado coas xornadas de orientación na primeira semana do curso.

**Ámbito de aplicación**

FFT/ UVIGO

**Responsable de su aplicación**

Decanato

**Objetivos específicos**

Tratar de obter información do alumnado das causas polas que non están satisfeitos coas xornadas de orientación e pedirilles suxestións sobre o que botan en falta co gallo de aumentar o grao de satisfacción con estas medidas de acollemento.

**Actuaciones a desarrollar**

Completar a información fornecida nas xornadas de benvida con datos sobre actividades culturais, igualdade, etc.

**Periodo de ejecución**

Curso 2013-14

**Recursos / financiamiento**

Actividades cun orzamento por determinar / Sen custo

**Indicadores de ejecución****Objetivos**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Planificación de las enseñanzas" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Planificación de la enseñanza", "Garantía de la calidad de los programas formativos" y "Gestión del proceso de enseñanza-aprendizaje" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

## Planificación de las enseñanzas. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A definición de módulos e materias do plano formativo deste título segue sendo coherente co establecido no RD 861/2010. Non se considerou necesario variar a estrutura dos módulos e materias por seren coherentes cos obxectivos e competencias.

A planificación temporal das ensinanzas está publicada na páxina web da Facultade.

**PROTOCOLO PARA REVISIÓN DE GUÍAS DOCENTES:**

Existe un protocolo elaborado pola Comisión de Calidade e aprobado pola Xunta de Centro para a revisión das guías docentes, que inclúe a revisión e validación por parte das coordinadoras da titulación, o visto e prace do Departamento que ten asignada a docencia da materia e a aprobación final en Xunta de Facultade. As coordinadoras da titulación revisan todas as guías docentes para comprobar que a planificación das ensinanzas se axusta ás directrices da memoria de verificación e ás normativas aprobadas pola Xunta de Centro e pola Universidade de Vigo no referente á presencialidade e á carga de traballo de cada materia.

A Comisión de Calidade fai un seguimento constante do sistema de avaliación para analizar e resolver as incidencias que se van presentando.

**MECANISMOS DE COORDINACIÓN DOCENTE:**

Existiron catro niveis de coordinación: (a) entre os docentes dunha mesma materia, (b) entre docentes dunha mesma disciplina en materias dunha mesma orientación, (c) entre docentes dunha mesma disciplina en materias de distintas orientacións e, finalmente, (d) a nivel de coordinación xeral. Na memoria de verificación existe información sobre os mecanismos de coordinación. Malia existir procedementos de coordinación, o alumnado non os valora positivamente (2,63/2.94). Necesítase unha implantación máis efectiva destes mecanismos a través da concienciación do profesorado e do nomeamento de coordinadores de curso ou de itinerario, acción que se presenta como plano de mellora.

Os datos do PAT reveláronnos problemas de coordinación entre o profesorado dalgunhas materias, cubertas mormente con profesorado asociado e convidado. Por iso, alén de dar aviso aos departamentos responsables desa docencia, aprobouse un documento de 'boas prácticas' na comisión de calidade (xullo de 2011) que incide nestas carencias de coordinación. Durante o curso 2012-13 afondouse nesta materia coa realización de varias reunións das coordinadoras co profesorado (véxanse puntos 3 e 9 do documento que se anexa, "Accións de coordinación"), cun maior seguimento das suxestións do alumnado a través de reunións e entrevistas de atendimento de queixas, así como do seguimento do Plan de Acción Titorial (entrevistas co profesorado, participación en reunións) e, sobre todo, coa acollida do profesorado de nova incorporación (punto 4 de "Accións de coordinación").

#### GUÍAS DOCENTES:

Cumpríuse de maneira satisfactoria. Todas as guías agás unha recibiron o visto e prace final en xullo de 2013; o centro puxo en coñecemento da vicerreitoría de Profesorado esta incidencia, ao non ter mecanismos suficientes para conseguir que a profesora encargada cumprise coa súa obriga.

A elaboración das guías docentes está supervisada por dúas coordinadoras de titulación e regulada por un procedemento aprobado en Xunta de Facultade. As coordinadoras da titulación reúnense co profesorado antes da elaboración e indican unha serie de pautas no relativo a competencias, carga de traballo do alumnado e avaliación. Unha vez elaboradas as guías son revisadas polas coordinadoras, que envían os comentarios e as correccións pertinentes aos/as responsables da materia na ficha elaborada por elas a tal efecto. Despois, as coordinadoras volven revisar as guías para comprobar que se introducion os cambios e comprobando que existe progresión de coñecementos en materias consecutivas e paralelismo de contidos en materias coa mesma denominación. A seguir, envíanse ao decanato, que se encarga dunha última revisión, e apróbanse en Xunta de Facultade, tal e como figura no "Procedemento de elaboración das guías docentes" aprobado en 2009. Préstaselle especial atención ao apartado Avaliación, onde deben figurar descritas en detalle as probas específicas para as metodoloxías docentes previstas e o seu peso porcentual verbo da avaliación total. Inclúese explicitamente a modalidade de avaliación extraordinaria para o alumnado que non superou a ordinaria e tamén se detalla a avaliación para aquel alumnado que non se poida acoller ao sistema de avaliación continua, co fin de garantir os dereitos recollidos nos Estatutos da Universidade de Vigo.

A Comisión de Calidade fai un seguimento constante do sistema de avaliación para analizar e resolver as incidencias que se van presentando. Este curso o centro fixo unha análise xeral do sistema de avaliación das materias do grao. Nel analizáronse parámetros como:

- Valor en tanto por cento da proba final definida nas guías. Con isto, contrólase que en todas as materias se siga o sistema de avaliación continua.
- Posibilidade, ou non, de escoller un sistema de avaliación continua ou única ó inicio da materia.
- Posibilidade, ou non, de renunciar ó sistema de avaliación continua e as consecuencias que isto implica.
- Recuperación dos contidos da 1ª edición das actas.
- Sistema de avaliación da convocatoria de xullo (2ª edición de actas).
- Número de ítems avaliados. Con isto albíscase que materias teñen unha avaliación excesivamente fragmentada.

Mediante esta avaliación garántese que todas as materias seguen o sistema de avaliación continua, ao tempo que ofrecen alternativas para o alumnado que non pode asistir ás aulas con regularidade por motivos xustificadas.

Na reunión da Comisión de Calidade de xullo de 2013 analizáronse os sistemas de avaliación das guías docentes e fixéronse as seguintes recomendacións:

- 1) que se evite a fragmentación dos ítems de avaliación. Non se deberían avaliar máis de 5.
- 2) que as porcentaxes asignadas á avaliación non baixen do 5-10%. Desta maneira, evitaríanse porcentaxes irrelevantes.

O 15 de marzo de 2013, no Salón de Graos da Facultade, celebrouse unha xornada sobre avaliación na que participaron Lara Domínguez Araújo (Dept. de Tradución e Lingüística), Carles Monereo (Universitat Autònoma de Barcelona), Patricia Sotelo (Dept. de Tradución e Lingüística), Inmaculada Báez (Dept. de Lingua Española), Maite Veiga (Dept. de Tradución e Lingüística). Tratáronse temas como: avaliación para a aprendizaxe, a avaliación por competencias na Universidade, a

avaliación por rúbricas, o portafolio e a autoavaliación e a avaliación baseada en proxectos.

#### MOBILIDADE:

Esta mobilidade está prevista, en principio, para o 2º ano do grao e acolléronse a ela un total de 51 alumnos/as do total de 144 o que supón unha porcentaxe do 35,41% do total de matriculados. Reciben charlas da ORI sobre o procedemento administrativo xeral, axudas económicas, etc. Cada destino europeo ten ademais un titor académico que orienta sobre as materias que cursar con vistas á súa adecuación ao currículo e ao recoñecemento de créditos. A medida de reforzar a mobilidade, dotada agora con dúas vicedecanas, tivo a súa incidencia positiva. Tamén mellora lixeiramente neste curso a percepción de satisfacción aos recursos de apoio ao ensino.

A Facultade de Filoloxía e Tradución segue a ser o centro da Universidade de Vigo que máis mobilidade xestiona. O ano pasado houbo 82 Erasmus, 2 ISEP e 3 SICUE enviados.

#### HORARIOS:

Os horarios de grao concentran a maior parte das clases presenciais nas mañás, de xeito que dispoñen de parte da xornada para o traballo propio e as tarefas non presenciais. A presencialidade do grao, segundo a media esixida nas guías, é do 80%, o que segundo a asistencia real e as respostas das enquisas parece axeitado. Con todo, recoméndase ao profesorado que aplique de forma flexible esta porcentaxe.

A coordinación do grao elaborou un calendario de exames para a primeira edición das actas, mes de decembro (véxase "Calendar\_exam\_decembro2012").

#### TFG:

O traballo fin de grao é unha materia obrigatoria de último curso (4º), segundo cuadrimestre, que se implantou por primeira vez no 2012/13. O Decanato e a coordinación de grao, co apoio dos departamentos implicados na docencia, elaboraron a listaxe de titores e liñas de investigación, procederon a asignación de titores e formaron as comisións avaliadoras, que avaliaron os traballos nas convocatorias de maio (1ª edición de actas), xullo (2ª edición de actas) e na convocatoria extraordinaria de outubro. Na materia matriculáronse 70 alumnos e presentaron os TFG 60. Houbo en total 1 matrícula de honra, 11 sobresalientes, 27 notables, 18 aprobados e 3 suspensos, cunha nota media de notable (7,07). Como se pode apreciar, os resultados desta convocatoria son satisfactorios. O decanato convocou en outubro unha reunión cos presidentes dos tribunais de avaliación para analizar estes resultados estatísticos e escoitar as súas suxestións sobre o desenvolvemento de todo o proceso (véxanse os documentos "TFG2013\_NOTAS" e "Resultados reunión").

#### PRÁCTICAS:

As "Prácticas de tradución" é unha materia optativa de último curso (4º), segundo cuadrimestre, que se implantou por primeira vez no 2012/13. O Decanato e a coordinación de grao, co apoio dos departamentos implicados na docencia e do vicerreitorado de Transferencia, promoveron os convenios con empresas e institucións e prepararon a convocatoria de prácticas (número de prazas, perfil lingüístico, tarefas previstas e documentación varia). As prácticas adoptaron a modalidade de curriculares (ofertadas dende a propia FFT) e extracurriculares (dependentes da FUVI e para as que o alumnado pode solicitar a validación pola materia "Prácticas de tradución"). O centro ofreceu 46 prácticas curriculares (e houbo 42 alumnos solicitantes) nas que participaron 9 institucións, 2 empresas e 14 titores académicos. Tamén se validaron por esta materia 11 prácticas extracurriculares (xestionadas a través da FUVI).

A partir das memorias realizadas polos alumnos ao finalizar a práctica e a visión dos titores académicos das mesmas obtéñense datos moi interesantes que se deberían ter en conta no momento en que se revise a memoria do grao en T&I (véxase o documento "Informe da materia Prácticas de tradución"). En xeral, a valoración das prácticas foi positiva porque lle permitiu ó alumnado afrontar proxectos de tradución/revisión de forma autónoma, tomar decisións e autoxestionar o tempo. Porén, os profesores que participaron voluntariamente como titores expresaron o seu malestar polo escaso recoñecemento recibido pola titorización (15 minutos de desconto docente por estudante), actividade que superou con moito esta estimación posto que especialmente nas prácticas institucionais (recordemos: 9 institucións colaboradoras fronte a só 2 empresas) non existían especialistas en linguas que puidesen facer o control de calidade final, tarefa que recaía no profesorado, que se viu realizando revisións de traducións inversas de 180 páxinas, ademais de facer o control de prazos e de enlace permanente entre o titor e o organismo e a xestión de múltiple documentación (8 documentos por cada práctica e alumno).

#### APLICACIÓN DO DECRETO WERT:

Igualmente, no curso 2012-13 comezouse a aplicar o "Real Decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo", tamén coñecido como "Decreto Wert". Esta medida implica unha intensificación docente para unha gran parte do profesorado, que se ve na obriga de impartir un gran número de materias que esixen metodoloxías distintas, máis tempo e coñecemento de máis ámbitos, o que necesariamente leva a unha perda



na calidade docente. Esta situación, que previsiblemente vai empeorar nos vindeiros anos, xa comezou a suscitar moito malestar entre profesorado e alumnado. Tamén como resultado do cómputo matemático aplicado no POD de cada profesor, hai materias que sofren unha segmentación excesiva (algunhas chegaron, no curso 2012/13, a ter 4 profesores distintos), que ocasiona queixas entre os estudantes.

#### CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2011-12:

1) Mellorar a coordinación de profesorado no desenvolvemento da docencia:

Traballouse nesta dirección, tentando profundar na coordinación vertical e horizontal (tal como se expuso en máis lugares do presente informe de autoavaliación).

2) Información ó novo profesorado.

Probablemente é un punto débil pola falta de definición con respecto a qué órgano deber ser o encargado de proporcionarles información necesaria ós profesores de nova incorporación non só sobre a materia/s que impartirán senón tamén sobre o lugar que esta/s ocupa no grao (relacións con outras materias previas e posteriores), a xestión académica (tipos de convocatorias, actas...), dereitos e deberes e recursos materiais do centro (tarxetas de fotocopiadora, proceso de solicitude de aulas, participación en actividades de extensión cultural, etc.). O ano pasado só houbo incorporacións para cubrir baixas por enfermidade.

3) Seguimento das materias con ratios de satisfacción baixos.

A Coordinación do grao fixo un seguimento polo miúdo daquelas materias sobre as que había queixas do alumnado (rexistradas oficialmente no decanato do centro ou recibidas a través do sistema de titorías PAT) e tentáronse melloras metodolóxicas, maior coordinación entre o profesorado e procedementos de conciliación entre profesor e estudante naqueles casos onde se fixo necesario (véxanse os puntos 3 e 9 do documento "Accións de coordinación").

#### Buenas prácticas

- Posta en práctica do documento de "boas prácticas para a docencia" elaborado polas coordinadoras de grao desta titulación e aprobado en Xunta de Facultade en xullo de 2011.

- Reunión do Decanato, de Calidade e da Coordinación do grao cos presidentes dos tribunais avaliadores do TFG para valorar a eficacia do desenvolvemento do TFG neste primeiro ano de implantación e, de considerarse oportuno, introducir variacións.

- Reunión do Decanato, de Calidade e da Coordinación do grao cos titores académicos das Prácticas de tradución para valorar a eficacia do seu deseño neste primeiro ano de implantación e, de considerarse oportuno, introducir variacións.

- Información solicitada dende a Coordinación do grao, co apoio dos titores académicos, a institucións/empresas colaboradoras das prácticas para valorar todo o proceso durante o primeiro ano de implantación e, de considerarse oportuno, introducir variacións.

#### Propuestas de mejora

- Mellora nas canles de comunicación co alumnado grazas aos novos espazos virtuais na plataforma de teledocencia FAITIC (Coordinación de grao (tódolos cursos do grao) / TFG (4º) / Prácticas de tradución (4º)).

- Redacción dunha normativa de elaboración de horarios docentes, unha vez extinguidas as licenciaturas e implantadas por completo as novas titulacións.

- Solicitarlle á Vicerreitoría que se recoñeza en POD a avaliación dos Traballos de Fin de Grao, por ser esta unha obriga docente, segundo a normativa da propia UVigo.

- Solicitarlle á Vicerreitoría que se contemple en POD 2 créditos ECTS de docencia metodolóxica para a materia Tráballo de Fin de Grao.

- Solicitarlle á Vicerreitoría a elaboración dun compromiso ético para ser asinado polo alumnado universitario, coa fin de evitar os casos de plaxio nos traballos académicos.

- Solicitarlle á Vicerreitoría que se contemplan en POD os 6 créditos da materia "Prácticas de tradución" para que se poda garantir a revisión e calidade das traducións inversas destinadas a servizos internos da Universidade, proxectos e departamentos.

#### Breve descripción de las modificaciones

#### Justificación de las modificaciones

ACCIÓNS DE COORDINACIÓN T&I 12-13.docx

Acta do TFG\_.docx

CALENDAR\_EXAM\_DECEMB2012.doc

Calendario de presentación dos TFG.pdf

INFORME DA MATERIA PRÁCTICAS DE TRADUCIÓN (1).doc

INFORME DO TITOR DO TFG.docx

INFORME REUNIÓN CON ALUMNADO DE 3º DE T.docx

Necesidades\_previas\_trad\_cient\_ing\_esp.docx

NormasElaboraciónTFG\_def.docx

RESULTADOS ACADÉMICOS E SATISFACCIÓN POR MATERIAS - TI.rtf

REUNIÓN TFG\_outubro2013.doc

TFG2013\_NOTAS.docx

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

## Planificación de las enseñanzas. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

1) Mellorar a coordinación de profesorado. 2) Información ó novo profesorado. 3) Seguimento de materias con problemas. 4) Introducir melloras na organización de TFG e Prácticas de tradución.

**Punto débil detectado**

1) Coordinación mellorable entre docentes. 2) Dificultade na incorporación do novo profesorado ó traballo da facultade. 3) Materias cun grao de satisfacción inferior a 3,5. 4) Problemas coa avaliación dos TFG e coa titorización das prácticas.

**Ámbito de aplicación**

Departamentos implicados na docencia do grao/ Facultade

**Responsable de su aplicación**

Departamento de Tradución e Lingüística / Decanato / Coordinadoras do título

**Objetivos específicos**

- 1) Mellorar a coordinación entre docentes de materias relacionadas.
- 2) Darlle toda a información necesaria ó profesorado de novo ingreso.
- 3) As materias do grao que teñan unha puntuación inferior a 3,5 han ser obxecto dun seguimento.
- 4) TFG: realizárase unha xuntanza co alumnado e co profesorado para explicar polo miúdo as condicións de realización deste traballo. Tamén se pretende aclarar algunhas cuestións que xurdiron na defensa pública: duración das intervencións, adecuación das liñas ofrecidas polos departamentos, os obxectivos do TFG, calidade dos traballos presentados, etc.
- 5) PRÁCTICAS DE TRADUCIÓN: estase a traballar nunha redefinición da materia, tentando reclamar para ela á vicerrectoría correspondente máis peso en POD para conseguir profesorado propio (mellor que a xestión a través de titores por cada práctica) e especialista en tradución inversa (o máis demandado no primeiro curso de implantación).

**Actuaciones a desarrollar**

- 1) Continuar coas reunións de coordinación entre o profesorado (en especial naquelas materias nas que se veñen detectando problemas).
- 2) Nomeamento de novos coordinadores de curso ou itinerario.
- 3) Reunión do Departamento / Decanato / Coordinación de grao con profesorado de nova incorporación.
- 4) Reunións entre docentes, departamento e decanato para avaliar os problemas das materias con índices baixos de satisfacción.

**Periodo de ejecución**

Curso 2013-14

**Recursos / financiamiento**

Obtención de descontos académicos para implantar a nova coordinación de curso/itinerario. Obtención de créditos en POD

para as prácticas (6) e para o TFG (2).

## **Indicadores de ejecución**

## **Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

## **Nivel de cumplimiento**

## **Resultados obtenidos**

## **Grado de satisfacción**

## **Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Personal académico" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz "Garantía de la calidad del personal académico y de administración y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Recursos humanos. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

- A información sobre o persoal académico aparece na páxina web. Malia esta información, que consideramos completa, entendemos que sería máis clara a xeira do profesorado por titulación.

- O sistema de contratación da Universidade é manifestamente mellorable no que atinxe ós prazos. O feito de comezar o curso nunha data temperá no mes de setembro fai que non sempre estean resoltos os concursos de profesorado, circunstancia que impide un bo desenvolvemento da docencia dende o primeiro día.

- Os recortes orzamentarios e os novos criterios de intensificación da docencia (decreto Wert) afectaron moi negativamente ó desenvolvemento dos cursos, cun incremento considerable no número de horas/materias para gran parte do profesorado, que necesariamente conlevará unha menor atención a cada estudante en particular.

A Área de Tradución en Interpretación, maioritaria neste título, ten os seguintes profesores: 1AX, 1CU, 21ASO, 1AD, 6CD, 5CIS, 1TE, 16TU. Os Departamentos de Filoloxía Galega e Latina, Lingua española e Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá tamén teñen docencia en 1º e 2º curso do título.

A ampliación da carga docente do profesorado está causando problemas na impartición da docencia. Véxase en Planificación docente o apartado "Aplicación do decreto Wert".

O procedemento PA05 está deseñado para a captación, selección e formación do profesorado. Con todo, nas actuais circunstancias, non hai practicamente contratacións e si despedimentos de profesorado asociado.

Non se produciron cambios no profesorado que imparte o título, agás cambios puntuais na asignación de materias en POD.

Na Comisión de Calidade analízanse as queixas, suxestións e enquisas relacionadas co profesorado. Nas reunións de

coordinación tamén se discuten aquelas cuestións que se refiren ás necesidades xerais do profesorado.

Non hai un procedemento documentado sobre a revisión da adecuación do profesorado ás necesidades do título, pero os departamentos, na elaboración do POD, utilizan criterios cualitativos para a asignación da docencia.

O PAS é adecuado ó título, tanto o correspondente á área académica, coma o de biblioteca e servizos xerais.

Produciuse un cambio na concesionaria do servizo de comedor debido ás queixas que a anterior acumulaba.

A avaliación do criterio como insuficiente está motivada polas actuais circunstancias derivadas da aplicación de novas medidas de control orzamentario e do decreto de profesorado. Non se trata dunha eiva nin do título nin da Facultade, senón unha situación que escapa ó noso control.

### **Buenas prácticas**

### **Propuestas de mejora**

Transmitir ó equipo reitoral a preocupación do centro pola calidade docente, que se resinte cun profesorado sobrecargado de créditos, horas e materias (resultado da aplicación do decreto Wert).

### **Breve descripción de las modificaciones**

### **Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

Recursos humanos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Manter a calidade da docencia

**Punto débil detectado**

Rebaixa na calidade da docencia como resultado da aplicación do decreto Wert (intensificación nas horas de docencia do profesorado)

**Ámbito de aplicación**

departamentos

**Responsable de su aplicación**

**Objetivos específicos**

Tratar de que a docencia manteña, na media do posible, a súa calidade.

**Actuaciones a desarrollar**

Transmitir ó equipo reitoral a preocupación do centro pola calidade docente, que se resinte cun profesorado sobrecargado de créditos, horas e materias (resultado da aplicación do decreto Wert).

**Periodo de ejecución**

2013/14

**Recursos / financiamiento**

Por determinar

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**



**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Recursos materiales y servicios" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Garantía de la calidad de los recursos materiales y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Recursos materiales y servicios. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A Facultade de Filoloxía e Tradución posúe as instalacións convenientes para un bo desenvolvemento da docencia. Todos os anos o Decanato destina parte do orzamento da Facultade a mellorar as instalacións, tanto coa adquisición de novos recursos coma co mantemento dos existentes. Existen procedementos no SGIC que regulan a adquisición e distribución dos recursos materiais.

En todo caso, poderíase mellorar o mantemento dos laboratorios e aulas de informática cos recursos xerais da Universidade.

Existen tamén os procedementos PA07 para xestión de recursos materiais e PA08 para a xestión de servizos.

Dende 2008, ano de aprobación da memoria, a Facultade fixo un investimento significativo na dotación de aulas de informática (unha aula máis) e de videoconferencia (unha aula máis). Tamén se habilitaron novas aulas para grupos pequenos de alumnado que permiten unha mellor impartición dos contidos formativos.

Durante o curso 12-13 a Facultade emprendeu as seguintes melloras:

- Dotación dun novo laboratorio de interpretación no pavillón Newton (20 postos).
- Modificación da aula A8 para impartición de seminarios (mesas axeitadas).
- Traslado da aula de informática de libre acceso a unha ubicación máis axeitada.

**Buenas prácticas**

**Propuestas de mejora**

Solicitud á vicerreitoría de Extensión de 2 licencias dun programa de refalado para o alumnado con problemas de mobilidade.

**Breve descripción de las modificaciones**

**Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

Recursos materiales y servicios. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Compra dun programa de refalado.

**Punto débil detectado**

O alumnado con deficiencias motrices ten problemas para o manexo dos equipos informáticos

**Ámbito de aplicación**

Facultade

**Responsable de su aplicación**

Vicerreitoría

**Objetivos específicos**

Solicitude á vicerreitoría de Extensión de 2 licenzas dun programa de refalado para o alumnado con problemas de mobilidade.

**Actuaciones a desarrollar**

Solicitude á vicerreitoría de Extensión de 2 licenzas dun programa de refalado para o alumnado con problemas de mobilidade.

**Periodo de ejecución**

2013/2014

**Recursos / financiamiento**

Descoñecido

**Indicadores de ejecución****Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Resultados previstos" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Análisis y utilización de los resultados para la mejora de los programas formativos" y "Publicación de la información y rendición de cuentas sobre los programas formativos" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Resultados previstos. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

O ano 2011 foi o primeiro en que se fixo unha avaliación dos indicadores máis relevantes e dos resultados de avaliación. O procedemento PC12 do MSGIC está deseñado para esta avaliación. Os datos do curso 2012-13 analízanse a continuación.

Non se considerou necesaria a definición de novos indicadores á parte dos xa previstos (eficiencia, rendemento, abandono, graduación).

A taxa de éxito do curso 2010/11 foi do 87,10% e a do curso 2011/12 sufriu unha lixeira baixada (86,96%) que entendemos que non foi significativa xa que se segue mantendo un nivel alto de créditos matriculados e superados. No curso 2012/13 é a máis alta destes tres cursos, do 89,45%. O número de prazas ofertadas de novo ingreso son 120 segundo se define na memoria do título. Con todo, no curso 2011-12 houbo 144 alumnos/as de novo ingreso debido a que varios deles empataron na nota de corte e a decisión do centro foi non discriminar baixo ningún criterio e realizar o esforzo de admitilos a todos/as. No ano 2012/13 ocorreu o mesmo, con 141 alumnas/os matriculados.

As ratios de variación de matrícula de novo ingreso no 1º curso respecto do curso anterior son para 2010-11 de 105,26%, de 103,15% en 2011-12 e de 101,25% en 2012-13. A demanda desta titulación queda patente na ratio de prazas demandadas/ofertadas que se sitúa no 151,62% e a nota media de acceso é de 8,77. Pola súa banda a taxa de rendemento sitúase no curso 2012-13 en 79,91%, case idéntica á do curso precedente (79,92%). O alumnado supera con relativa facilidade os créditos matriculados. A taxa de éxito do 89,45% indica que a superación dos créditos realmente examinados é moi satisfactoria.

A taxa de abandono é do 3,07% (23 abandonos reais). É unha taxa moi baixa respecto do número total do alumnado, o que indica unha alta satisfacción cos estudos elixidos.

A taxa de eficiencia é do 73,35%. Isto quere dicir que para obteren o título, o alumnado non tivo que matricularse nun número excesivo de créditos a maiores, o que indica unha taxa de éxito (créditos aprobados) moi alta.

A da taxa de graduación non se poderá obter ata o ano que vén. Con todo, sabemos que se matricularon 70 alumnas/os no Traballo de Fin de Grao, que se defenderon 60 e que aprobaron 57.

#### CUMPLIMENTO DO PLAN DE MELLORA 2011-12

Supervisión da taxa de éxito da titulación e convocatoria dunhas xornadas sobre avaliación para os docentes convocada polo Vicedecanato de Calidade do centro para estudar e, de ser o caso, corrixir posibles distorsións que incidan nesta taxa nas titulacións implantadas na FFT. Celebrouse esa xornada o 15 de marzo de 2013.

#### **Buenas prácticas**

#### **Propuestas de mejora**

#### **Breve descripción de las modificaciones**

#### **Justificaciones de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Sistema de garantía de calidad" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y el Sistema de Garantía Interna de Calidad (SGIC) del Centro.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Sistema de Garantía de Calidad. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A Facultade presentou un SGIC que foi validado pola ACSUG. Este sistema pretende regulamentar o seguimento da accións relacionadas co control da calidade no centro. A Área de Calidade da UVigo forneceunos dunha aplicación informática para xestionar esta información.

O ano pasado detectáronse certos problemas no proceso de implantación do SGIC.

1. Difusión deficiente do concepto de "calidade" e do propio sistema no centro. Para corrixirmos isto, a Comisión de Calidade fixo públicos os informes de resultados anuais, cunha análise das taxas asociadas ó sistema, do cumprimento dos obxectivos de calidade do centro, dos resultados das enquisas de satisfacción e dos resultados académicos. Tamén, a aprobación por parte da Xunta de Facultade dos autoinformes correspondentes ó curso 2012-2013 fixo que se coñecese mellor o traballo da CC e o desenvolvemento xeral das titulacións.

2. A excesiva burocratización dos procedementos do SGIC complicaba o traballo dos responsables do sistema e, tamén, a comprensión do propio concepto de calidade. Para simplificar os procedementos, a Área de Calidade da Universidade de Vigo decidiu facer unha proposta de redución dos rexistros asociados, proposta que se discutiu en grupos de traballo formados por membros das comisións de calidade dos distintos centros. Durante os meses de xuño e xullo de 2013 avaliáronse os novos procedementos en dous grupos de traballo formados polos membros da Comisión de Calidade. Destas reunións saíron propostas que foron enviadas á Área de Calidade. En xullo de 2013 os novos procedementos foron aprobados pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Facultade.

3. Conseguiuse a participación dun membro do PAS na Comisión de Calidade, pero non houbo candidaturas do alumnado. Cremos que o método de traballo desta comisión é alleo e relativamente pouco interesante para o alumnado.

4. Sobre a aplicación informática en que se almacenan os rexistros asociados ós procedementos do manual do sistema, este ano abriuse ós coordinadores dos títulos. Isto axudará a que se faga máis doado e áxil o rexistro das probas documentais.

5. Durante o curso 2012-13 rexistráronse as probas documentais asociadas ós procedementos do manual de calidade seguindo o calendario suxerido pola Área de Calidade.

En xaneiro de 2013 fíxose a renovación anual da Comisión de Calidade.

Existen os procedementos PE01 e PM01 para a definición e mellora da política e obxectivos de calidade.

A análise da consecución dos obxectivos de calidade do centro pódese consultar no apartado "xustificación".

En setembro de 2013 o Vicedecanato de Calidade solicitou dos membros da facultade a opinión sobre os obxectivos de calidade vixentes e sobre unha proposta de mellora. Recibíronse 5 respostas que foron avaliadas na Comisión de Calidade da última semana de outubro de 2013.

Consúltense os apartados sobre competencias e obxectivos e planificación deste autoinforme para a análise dos datos sobre resultados académicos.

O MSGIC recolle procedementos que avalían todos os apartados da memoria. Os datos obtidos serven para a planificación do curso seguinte.

#### CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2011-12:

Difundir o concepto de "calidade" no centro. En maio de 2013 convidouse a tódolos membros da Xunta de Facultade a participar nunha reunión aberta da Comisión de Calidade na que se ían expoñer os novos procedementos do MSGIC.

Recoñecemos que a convocatoria non tivo éxito, xa que só asistiron 2 profesores alleos á Comisión. Como xa se comentou, tamén se solicitou a colaboración da Facultade para o deseño dos novos obxectivos de calidade. A resposta foi moi baixa. De todo isto tiramos a conclusión de que os procedementos de calidade seguen a ser pouco considerados.

Creemos que hai que buscar a maneira de estender a cultura da calidade a tódolos interesados, aínda que entendemos que é un labor extremadamente difícil. O anterior non quere dicir que haxa un rexeitamento a colaborar cos procesos de mellora continua da docencia e da xestión. O profesorado considera que esa mellora é fundamental, e nela está implicado, pero non valora suficientemente o sistema de calidade.

#### Buenas prácticas

Comisión de Calidade aberta.

Redacción conxunta dos obxectivos de calidade.

#### Propuestas de mejora

Seguir insistindo na necesidade de coñecer e valorar o SGIC.

#### Breve descripción de las modificaciones

#### Justificación de las modificaciones



**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

Sistema de Garantía de Calidad. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Seguir insistindo na necesidade de coñecer e valorar o SGIC.

**Punto débil detectado**

Pouca implicación no desenvolvemento do SGIC

**Ámbito de aplicación**

Facultade

**Responsable de su aplicación**

Decanato

**Objetivos específicos**

Conseguir que o concepto de calidade se difunda e se entenda no ámbito da Facultade.

**Actuaciones a desarrollar**

Elaboración de documentos sintéticos sobre aspectos concretos da calidade.  
Seguir convidando a todos os membros da facultade ás reunións da Comisión de Calidade.

**Periodo de ejecución**

2013/2014

**Recursos / financiamiento**

Sen custo

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

## Calendario de Implantación. Valoración del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A implantación do título realizouse satisfactoriamente en 2009.

Non se prevén modificacións no calendario de implantación dos graos (implantación ano a ano ata o curso 12/13).

Os procedementos para o recoñecemento e adaptación do estudantado son os correctos e non causan ningún problema.

As titulacións que se extinguen (licenciaturas) seguen mantendo plena vixencia (cursos 4º, 5º).

O cronograma de implantación pode atoparse en [http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com\\_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1394:ti10--calendario-de-implantacion](http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1394:ti10--calendario-de-implantacion)

A guía de adaptacións para o estudantado que provén dos títulos que se extinguen está publicada en [http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com\\_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1394:ti10--calendario-de-implantacion](http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1394:ti10--calendario-de-implantacion)

**Buenas prácticas****Propuestas de mejora****Breve descripción de las modificaciones****Justificación de las modificaciones**



**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

**Adjuntar documento cumplimentado de acciones realizadas ante recomendaciones del IF e informes de seguimiento anteriores**



**ACCÍONS-RECOMENDACÍONS GRAO EN TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN.odt**

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

**Adjuntar tabla cumplimentada de "Relación del SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales".**



**TÁBOA TRADUCIÓN-INTERPRETACIÓN 12-13.docx**

**Evidencia de:**

Grado en Traducción e Interpretación

**Adjuntar tabla síntesis de acciones de mejora**



**Plan de mejoras global 2012-13 TI.docx**